

V DÚATLON “ELEUTERIO BALAYO” CONCELLO DE MUROS

Proba Sprint do Circuito de Dúatlon de Estrada

(Clasificatoria para Campionato Galego)

Proba Supersprint “Circuíto Mozo” (Cadete, Xuvenil e Júnior)

- REGULAMENTO -

1. Organizan

Concello de Muros

Curro da Praza, 1 15250 Muros

duatlon.muros@gmail.com

981 762 294 (David Pastoriza Fernández)

Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno (FEGATRI)

fegatri@hotmail.com

982 251 345

2. Colaboran

Policía Local de Muros

Protección Civil de Muros

Garda Civil de Muros

GES Muros

Secretaría Xeral para o Deporte

3. Localización da proba

- Lugar: porto de Muros (Muros) A Coruña
- Zona de transición situada no porto de Muros
- Centro de información e control da proba: Casa do Concello de Muros
- Zona de aparcamento situada no aparcadoiro portuario de Muros
- Latitude: 42.774913 | Lonxitude: -9.056489

4. Datas e horarios das saídas

- Data: sábado, 10 de abril de 2021

- Hora:
 - 15.00 h - Proba Supersprint “Circuíto Mozo”
 - 17.00 h - Proba Sprint Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada

5. Horarios*

A. Horarios “Circuíto Mozo” Supersprint

HORA	ACTO
13.30 h a 14.45 h	Recollida de dorsais
13.45 h a 14.45 h	Control de material
14.50 h	Cámara de chamadas
15.00 h	1ª Saída
16.00 h (aproximado)	Entrega de premios

B. Horarios Proba Sprint

HORA	ACTO
15.30 a 16.45 h	Recollida de dorsais
15.45 a 16.45 h	Control de material
16.50 h	Cámara de chamadas
17.00 h	1ª Saída
19.30 h (aproximado)	Entrega de premios

* Os horarios de cada saída, escalonada, estableceranse unha vez finalizada a inscrición e publicaranse coa reunión técnica (Protocolos COVID19)

Será obrigatorio identificarse con licenza, DNI ou documento oficial con foto para acceder á zona pechada de seguridade acreditados/as.

6. Distancias

CATEGORÍA			
Supersprint	2 km	8 km	1 km
Sprint	5 km	20 km	2,5 km

7. Participantes e categorías

A. Supersprint

- a) Número máximo de participantes: 180
- b) Poderán participar deportistas con licenza federada galega de triatlón en vigor das seguintes categorías.

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO	PRAZAS RESERVADAS POR CATEGORÍA E SEXO
Cadete	2006 - 2007	30/30
Xuvenil	2004 - 2005	30/30
Júnior	2002 - 2003	30/30
Absoluta	2001 e anteriores	Prazas vacantes

B. Sprint

Número máximo de participantes: 200 (reservadas 100 prazas preferentes a cada sexo)

Neste evento poderán participar:

- a) Todos/as os/as deportistas, nados/as no ano 2005 ou anteriores, federados/as FEGATRI con licenza en vigor na tempada 2021.

8. Servizos e instalacións

- Local para organización e cronometraxe: porto de Muros
- Recollida de dorsais e garda roupa: Porto de Muros
- Vestiarios e duchas: (Non se habilitarán-Protocolo COVID-19)

9. Inscricións

Do 15 de marzo ás 10:00 h. ao 6 de abril ás 23:59

A. Supersprint - Circuito Mozo

Limitada a 180 participantes con prioridade cadete/xuvenil/júnior (30 prazas para cada categoría masculina e feminina)

Prezo: 10 € - Cadetes, xuvenís e júnior - Gratuíta

[Regulamento Circuito Mozo](#)


B. Clasificadorio circuito galego Dúatlon Estrada - (Proba con dereitos de circuito)

Limitada a 200 participantes

Saída feminina: Reservadas 100 prazas

Saída masculina: Reservadas 100 prazas

- No caso de que algunha das saídas non complete as prazas, estas poderán ser ocupadas polo outro xénero.



Prezo: 18 € - xuvenís gratuíta

Límite tempo para clasificación Campionato Galego 1h.35 minutos

PRAZOS DE INSCRICIÓN

A. Circuito Mozo Supersprint

- Do 15 de marzo ao 4 de abril: Inscripción prioritaria para cadetes, xuvenís e júnior
- 5 de abril: inscrición libre de deportistas das categorías cadete, xuvenil e júnior (por orde lista espera no caso de haber)
- 6 de abril: inscrición libre de deportistas con licenza galega ata o límite establecido

B. Circuito Dúatlon de Estrada (M/F) - Só deportistas/clubs con dereitos de circuito aboados

- Do 15 de marzo ao 6 de abril ou ata completar prazas.

PROCEDEMENTO

A. Deportistas

A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [COMPETICIÓN/Regulamentos/Inscricións](#). Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario.

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

B. Clubs

Accederán a través do apartado competicións, picando en [COMPETICIÓN/Regulamentos/Inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas).

C. Deportistas federados con licenza doutra comunidade

Dados os límites establecidos, a inscrición será prioritaria para os/as deportistas con licenza galega. No caso de quedar prazas facilitarase a inscrición a aqueles/as deportistas federados con licenza doutra comunidade que non abonasen a inscrición de participación nos circuitos. Para estes efectos deberán enviar o formulario de solicitude de invitación que poden descargar da nosa web <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/01/OTRAS-COMUNIDADES.pdf>. Unha vez que a Federación autorice a participación, o/a deportista procederá á formalización da inscrición a través da plataforma e abono da cota con tarxeta a través de TPV. Se abonasen os dereitos de circuito, inscribíranse directamente.



- O 7 de abril comunicaranse as invitacións concedidas a deportistas doutras comunidades, se quedaran prazas vacantes, dando prazo ata as 14.00 h para formalizar a inscrición.

BAIXAS E DEVOLUCIÓN

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do correspondente prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas, que non se axusten ao regulamento, (falta de documentación rematado o prazo de inscrición) serán anuladas e non se farán devolucións.

PUBLICACIÓN DA LISTA DE PERSOAS INSCRITAS

- Lista provisional

O xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na lista se dá algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se houbo algún erro.

- Lista definitiva

O venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

LISTA DE ESPERA

Esgotadas as prazas en calquera das carreiras, abrirase unha lista de espera que se xestionará tal e como se especifica en cada caso.

Proba Supersprint (Circuíto Mozo)

A lista de espera xestionarase diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo en cada categoría ata o 4 de abril de 2021. O 5 de abril, comunicaranse as prazas vacantes ata o límite total, e outorgaranse por orde xenérico de inscrición na lista de espera, sendo o último movemento o 6 de abril ás 23.59 h. A prioridade na carreira será sempre para deportistas cadete, xuvenil e júnior.

Proba - Circuíto Dúatlon Estrada Sprint - (Dereitos de inscrición circuítos)

A lista de espera xestionarase diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo e ata o remate do prazo de inscrición. Comunicarase ao/á participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14.00 h do mesmo día. A última incorporación farase o 7 de abril ás 14.00 h.

10. Premios

A. Supersprint-Circuíto Mozo

Entrega das medallas/trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría e sexo e aos tres primeiros clubs.

B. Sprint circuíto

- 1º clasificado/a: 150,00 €*
- 2º clasificado/a: 100,00 €*
- 3º clasificado/a: 50,00 €*
- 1º club clasificado masculino e feminino: 200,00 €

* *Aplicarase a correspondente retención do IRPF*

Entregaranse medallas/trofeo aos 3 primeiros clasificados/as de cada categoría masculina e feminina.

A entrega de trofeos realizarase aproximadamente 30 minutos despois de facer a entrada en meta o/a derradeiro/a clasificado/a.

*"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono" *Exención COVID-19 calquera deportista que non poida quedar á entrega deberá avisar ao delegado técnico ou xuíz árbitro.*


11. Información e contacto

- Dúatlon "Eleuterio Balayo" Concello de Muros
- Correo-e: cultura.deportes@muros.gal
- Inscripcións: <https://fegatri.org/probas-regulamento/>
- Web: duatlon.muros.gal
- Facebook: @murosduatlon
- Persoa de contacto: David Pastoriza Fernández, 981 762 294

12. Sistema de cronometraxe

Sistema de cronometraxe con chip.

13. Percorrido e planos do circuito



14. Regulamento e normativas

A proba rexeráse polas normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Española de Triatlón (FETRI).



A proba rexeráse polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Triatlón e Federación Española de Triatlón e contemplará o protocolo preventivo COVID-19 vixente na FEGATRI.

[Regulamentos 2021 FETRI/FEGATRI](#)

[Protocolo Preventivo COVID 19 FEGATRI](#)

15. Normativa Xeral

Segundo se recolle no protocolo COVID-19 de aplicación á proba, citado neste regulamento, é de obrigado cumprimento para todas as persoas da proba, o seguinte:

- Manter a distancia interpersonal de 1,5 m en todo momento, antes, durante e despois da práctica deportiva.
- Uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva.
- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas ou saúdo con contacto físico.
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.

No caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID-19 no entorno da proba, seguiranse as directrices establecidas no punto 4.3 do protocolo FEGATRI.

Infórmase aos/ás deportistas de máis de 60 anos de que existe un maior risco de consecuencias graves en caso de contaxio e recoméndase unha maior toma de medidas preventivas pola súa parte.

Procedemento de saídas:

Saída escalada, con 2 corredores saíndo cada 20", cada un dende o seu caixón de saída, e cunha separación lateral de 2 metros entre corredores. Entre cada grupo de 25 deportistas, haberá unha separación de 5 minutos para comezar coa seguinte saída.

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, e irán avanzando cara aos caixóns de presaída segundo o vaian indicando os oficiais e persoal de organización.

Xusto antes de entrar nos caixóns de presaída, os/as corredores/as poderán quitar a máscara e desbotala no contedor habilitado nese punto a tal efecto.

Se un/unha deportista presente non toma a saída no momento que lle corresponde, quedará a xuízo do DT permitirle ou non tomar despois a saída, como moi pronto na



última rolda, e asignándolle en calquera caso o tempo de saída que inicialmente lle correspondía.

Chegada a meta:

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de postmeta, onde primeiramente se lles fará entrega dunha máscara que deberán colocar inmediatamente, depositarán os seus chips nos recipientes habilitados (se non son en propiedade) e pasarán a avituallarse e saír da zona de postmeta. Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

Recollida de dorsais e chips de cronometraxe:

Na zona habilitada, o día da proba, poderanse establecer tramos horarios de recollida ordenados por dorsal que serán publicados na reunión técnica online, de cara a evitar aglomeracións. Así mesmo, manterase sempre un fluxo único de movemento de deportistas para recoller o dorsal, co fin de facilitar o cumprimento das distancias de seguridade.

Gardarroupa:

Non haberá gardarroupa. O/a deportista recibirá unha bolsa na que deberá gardar todas as súas pertenzas que non sexan para competir, deixando a mesma pechada no seu espazo en transición.

Avituallamento:

Avituallamento líquido no segmento de carreira a pé, e avituallamento líquido e sólido na zona de postmeta. Procedemento de avituallamento segundo se recolle no protocolo COVID-19 da FEGATRI.

16. Plan de seguridade

A. Datos do seguro de accidentes

- A proba conta cun seguro de responsabilidade Civil Nº DA R11 237 que o organizador, Concello de Muros ten contratada coa compañía Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros, e a de accidentes (MUTUACAT número 125884) que cubre a través do Seguro Deportivo Obrigatorio aos e ás deportistas participantes na proba, a través da licenza subscrita na Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno. As pólizas de accidentes e protocolos de actuación poden consultarse na seguinte ligazón <https://fegatri.org/federacion/seguro-deportivo/>

B. Ambulancia

- Certificado de contratación: Ver arquivo PDF anexo.
- A ambulancia asistencial estará situada na zona de saída - chegada –transición

C. Médico

D. Vehículos. Control da carreira.

- Policía Local
- Garda Civil
- GES (Grupo de Emerxencias Municipais)
- Protección Civil de Muros
- Motos de persoas voluntarias, para abrir e pechar circuito, acompañamento e control de carreira no sector ciclista por parte dos oficiais.
- Bicicleta para abrir/pechar o sector de carreira a pé e control de oficiais.

G. Voluntariado

- Persoas voluntarias baixo orde da organización para entrega de dorsais, cubrir puntos de retorno, contavoltas, axuda en xeral.
- Persoas voluntarias de protección civil para cubrir cruces e controlar plan de seguridade.
- Persoas voluntarias con motos para seguimento sector ciclista.
- Protección Civil de Muros.